



CURSO 1. Seguridade nos traballos traballos temporais en altura: requisitos, equipos e técnicas fundamentais

CURSO 2. Medidas preventivas para traballos en espazos confinados

OBXECTIVO

CURSO 1: Seguridade nos traballos temporais en altura: requisitos, equipos e técnicas fundamentais. Adquirir os coñecementos fundamentais sobre os requisitos regulamentarios, aspectos técnicos, a tipoloxía de equipos de traballo e medios de protección (colectivos e individuais), así como os procedementos e condicións de utilización segura, que permitan planificar e abordar, cos niveis de seguridade adecuados, os traballos temporais en altura que se levan a cabo de forma máis frecuente nunha obra (excepto traballos verticais).

CURSO 2: Medidas preventivas para traballos en espazos confinados. Dotar ao alumno dos coñecementos teórico-prácticos relativos a normativa e procedementos necesarios para o acceso e traballo seguro en espazos confinados. Contribuír a unha execución máis segura do traballo e dar a coñecer as ferramentas, equipos auxiliares, proteccións colectivas e equipos de protección individual (EPI) relacionados coa materia impartida.

DURACIÓN

8 horas lectivas, nunha única xornada, en horario de 8:00 a 16:00.





DESTINATARIOS

Terán prioridade os/as traballadores/as do sector da construción e afíns que sexan persoal traballador autónomo ou empregados de pemes ou micropemes co fin de promover a seguridade e saúde no traballo en ambos colectivos. Ademais, poderán recibir esta formación outros traballadores do sector de construción e afíns, e persoas en situación de desemprego.

DATAS E LUGARES

CURSO 1: Seguridade nos traballos temporais en altura: requisitos, equipos e técnicas fundamentais

- 14 de xuño de 2021 en Camiño da Raposeira, 24, 36214 - Vigo
- 15 de xuño de 2021 en Polígono de Sabón, Avda. da Praia. Parcela 131A, 15142 - Arteixo
- 17 de xuño de 2021 en Rúa Pontepedriña de Arriba, 13 (Zona Romaño), 15705 - Santiago de Compostela
- 22 de xuño de 2021 en Parque empresarial de Vilamarín Vial 4, Parcela A, 32101 - Vilamarín, Ourense
- 28 de xuño de 2021 en Lugar San Xoán do Alto S/N, 27232 - Vilaestevez, Lugo

CURSO 2: Medidas preventivas para traballos en espazos confinados

- 16 de xuño de 2021 en Polígono de Sabón, Avda. da Praia. Parcela 131A, 15142 - Arteixo
- 21 de xuño de 2021 en Campo da Raposeira, 24, 36214 - Vigo
- 23 de xuño de 2021 en Parque empresarial de Vilamarín Vial 4, Parcela A, 32101 - Vilamarín, Ourense
- 24 de xuño de 2021 en Rúa Pontepedriña de Arriba, 13 (Zona Romaño), 15705 - Santiago de Compostela
- 29 de xuño de 2021 en Lugar San Xoán do Alto S/N, 27232 - Vilaestevez, Lugo

SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes acaba cinco días antes ao comezo de cada curso, que poderá ampliarse ata alcanzar o número máximo de 12 alumnos/as por edición.

A ficha de inscrición remitirase ao correo **flc.galicia@fundacionlaboral.org**, con copia do DNI e no seu caso, documento que acredite a prioridade na selección.

Máis información no teléfono **981 983 536**.

PROGRAMAS

CURSO 1: Seguridade nos traballos temporais en altura: requisitos, equipos e técnicas fundamentais

■ **Unidade didáctica 1. Introducción. Requisitos regulamentarios e conceptos fundamentais para o desenvolvemento dos traballos temporais en altura**

1.1. Requisitos fundamentais nas disposicións de obrigado cumprimento (Lei 31/95 PRL, R.D. 1627/97, CGSC, R.D. 1215/97 e modificación a través do R.D.2177/04, R.D.486/97).

1.2. Identificación fases construtivas con especial risco de caída de altura (por exemplo, escavación, estrutura, fachada/acabados, cubertas).

1.3. Identificación equipos de traballo específicos (PEMP, torres de traballo móbiles, estadas tubulares de servizo, escaleiras de man), e medios de protección colectivos e individuais.

1.4. Criterios para a correcta planificación dos traballos temporais en altura.

■ **Unidade didáctica 2. Medios de protección colectiva contra caídas en altura: descrición, requisitos técnicos e condicións de utilización segura.**

2.1. Descrición e características técnicas fundamentais dos sistemas de redes de seguridade, e os sistemas de protección de bordo.

2.2. Procedementos básicos de montaxe nos sistemas de redes de seguridade segundo tipo de construción e fase construtiva.

2.3. Condicións de mantemento dos medios de protección colectiva.

■ **Unidade didáctica 3. Equipos de protección individual para previr as caídas en altura: descrición, requisitos técnicos e condicións seguras de utilización.**

3.1. Requisitos esenciais de seguridade e saúde, adicionais específicos, e condicións seguras de utilización, dos EPI contra caídas en altura, de acordo coas disposicións de obrigado cumprimento (Regulamento UE 2016/425, R.D. 773/97).



3.2. Descrición tipoloxía de EPI para os traballos temporais en altura. Sistemas anticaídas e os seus compoñentes; arnés anticaídas, dispositivos de ancoraxe, conectores, absorbedores/ disipadores de enerxía, elementos de amarre, dispositivos retráctiles.

3.3. Requisitos técnicos e de utilización segura dos principais dispositivos/sistemas anticaídas: arnés anticaídas, dispositivos de ancoraxe (ancoraxes estruturais, liñas de ancoraxe flexibles e ríxidas, horizontais e verticais).

3.4. Avaliación de conformidade (marcado CE) e información mínima no mercado e etiquetaxe dos EPI anticaídas.

3.5. Conservación e mantemento en condicións seguras dos EPI anticaídas.

3.6. Técnicas básicas de posicionamento no punto de traballo. Diferenzas entre dispositivos de presión, suxeición, e posicionamento no punto de traballo. Factor de caída.

3.7. Trauma de suspensión ou síndrome do arnés, medidas preventivas, e preparación técnica de rescate.

■ **Unidade didáctica 4. Actuación en caso de emerxencia e evacuación**

4.1. Caída sobre un sistema de protección colectiva (por exemplo, redes de seguridade).

4.2. Equipos e técnicas de rescate en caso de accidentado suspendido dun dispositivo de ancoraxe e arnés anticaídas.

Nota: Exclúense desta acción formativa contidos relacionados cos traballos verticais.

■ **CURSO 2: Medidas preventivas para traballos en espazos confinados.**

- Unidade didáctica 1. Tipos de espazos confinados e as súas diferentes técnicas de traballo.
- Unidade didáctica 2. Identificación de riscos e medidas preventivas nos traballos en espazos confinados. Unidade didáctica 3. Equipos de detección de gases.
- Unidade didáctica 4. Equipos de respiración autónomos e semi-autónomos.
- Unidade didáctica 5. Procedemento de traballo en espazos confinados.
- Unidade didáctica 6. Técnicas de ascenso e descenso.
- Unidade didáctica 7. Equipos de protección individual (EPI). Conservación e mantemento. Unidade didáctica 8. Introducción ás técnicas de rescate e operacións de salvamento en caso de accidente en espazos confinados.
- Unidade didáctica 8. Introducción ás técnicas de rescate e operacións de salvamento en caso de accidente en espazos confinados.





- Unidade didáctica 9. Uso de trípodes
- Unidade didáctica 10. Aplicación práctica.
 - 10.1. Análise e toma de datos de procedementos de traballo específicos
 - 10.2. Utilización de detectores (mínimo de 4 vías)
 - 10.3. Procedementos de rescate e evacuación, así como de primeiros auxilios.
 - 10.4. Utilización de equipos de salvamento.
 - 10.5. Uso de ventiladores e extractores.
 - 10.6. Sistemas de comunicación entre interior e exterior con instrucións detalladas sobre a súa utilización.
 - 10.7. Uso de equipos para a loita contra o lume.





☐ Seguridade nos traballos temporais en altura	Concello	Data
☐ Medidas preventivas para traballos en espazos confinados		

DATOS PERSOAIS			
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI/NIE
Enderezo	Localidade	Concello	Provincia
Código postal	Teléfono	Enderezo electrónico	Data nacemento
DATOS PROFESIONAIS E OUTROS			
	Grupo de prioridade 1 para a selección do alumnado		
<i>Traballador/a do sector da construción e afíns que sexan autónomos ou empregados de peme ou micropeme</i>			
	Grupo de prioridade 2 para a selección do alumnado		
<i>Traballador/a do sector da construción e afíns ou persoa en situación de desemprego</i>			
DECLARACIÓN			
■ Declaro a veracidade de todos os datos consignados nesta solicitude ■ Xunto copia do DNI/NIE ■ De ser o caso, xunto documentación que acredita que pertenzo ao grupo de prioridade 1 para a selección do alumnado 			
Data:		Sinatura:	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
Finalidades do tratamento	Tramitar a súa solicitude para xestionar o acceso e a elaboración e entrega do certificado que acredita a formación recibida. Doutra banda, coa información facilitada por vostede, creamos un arquivo que serve para mandarlle información doutros cursos, xornadas ou eventos similares ou relacionados nos que vostede podería estar interesado.
Lexitimación para o tratamento	Consentimento da persoa interesada
Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiros
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o consentimento segundo se recolle en: https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Xerencia do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

